


NÚMERO 17// FEBREIRO 2023

MODO
OSCURO
ON

CHÍO

FE EN LA CATEDRAL DE LUGO



A REVISTA CULTURAL DIXITAL DE LUGO SEMPRE

Obra de Prada



Juan Miguel Prada Tabanera.

Nace en Segovia en 1950 e reside en Lugo desde 1970.

Moi cedo, conecta ca pintura da man do seu pai, asistindo dende os nove anos á Escola de Artes e Oficios da cidade natal.


No anos mozos iníciase na escultura; traballa coa soldadura, bronce e aluminio e coñece a acuarela de pintores segovianos como Unturbe.

No 1969 os seus cadros asisten ao Certame Nacional de Málaga e no 73, expón por primeira vez individualmente, en Lugo.

En 1975 coñece a López Guntín e a partir de entón, traballa a escultura, a acuarela e o óleo, realizando exposicións en Galicia e Castela.


Dende o 1980 e ata a década dos 90, traballa a acuarela case en exclusiva. Xa que aí inicia unha investigación pormenorizada da propia acuarela e as técnicas mixtas.

No 1996 retoma a madeira mesturada con pintura e volve á constante da súa vida que é o óleo.



PORTADA INTEGRAL





FOISELLE TODO EN FUME

Seica debo seren a única que anda por Lugo adiante vendo (e sentindo, ollo) bombas de relojería a diestro e siniestro. Están os tempos revoltos. No meteorolóxico, e no que non é tal.

Non o notan? Pois, fai nada soaba o temporizador no novo Auditorio; xa case estoupou a bomba na Garaballa; no centro da cidade, estou convencida de que hai varias a punto do estoupido con traca final, agochadas baixo o empedrado que parece que non, pero moito se remexe... e xa que logo, ben se sente o tic-tac no Garañón.

E podería ser esto todo unha sorna típica do febreiro de entroido; agora ben, non me poden negar que os segundos pasan e todos trememos, agardando a próxima noticia bomba.

Aínda menos mal que de todos é ben sabida a data final deste sen vivir.

O caso está en inquirir, para determinar cantas desas bombas van ser de fume e máis nada.

LUGO Y EL FUTURO DEL LLAMADO BARRIO MULTIECOLÓGICO EN A GARABALLA.

TEXTO DE AGUSTÍN GALLEGO



Hablar de este proyecto y no estar de acuerdo con él desarrollo del mismo, parece que es navegar contra corriente, pues sí, dentro de este contexto no debemos caer en populismos ni en modas de temporada, Lugo necesita política de alturas.

Otorgan distinciones al trazado, no duelen prendas al felicitar al equipo redactor; aunque tengo que decir que la decisión política no me parece la acertada. No es el lugar, no es el momento y muy probablemente, no es el plan que vaya a beneficiar a los lucenses ni traiga riqueza para Lugo.

Donde pretende ubicarse es una zona que está entre dos polígonos industriales, es un paraje de humedales con las consabidas dificultades tanto dísicas como ecológicas para su creación.

De lo que sí podemos presumir en Lugo y Lugo provincia es de un gran jardín mires por donde lo mires, mires montaña, mires a Mariña, o mires Ribeira Sacra. Incluso mires la abandonada zona rural.

Proyectos como el llamado barrio multiecológico no van a motivar a nuestros jóvenes a que se queden en Lugo u otros puedan venir.

Quiero recordarles a los actuales gobernantes que se puede trabajar de diversas formas para contribuir con él medio ambiente. Es importante seguir trabajando en las circunvalaciones de la ciudad potenciar el transporte colectivo y varias y mejores conexiones con las autovías. Y si hablamos, como en este caso "de la construcción", decirles que a la ciudad le hacen falta ayudas para la rehabilitación, terminar manzanas inacabadas, tiene terrenos que está dentro de la ciudad sin construir. En una palabra, empezar a pensar en un nuevo Plan Xeneral de Ordenación Municipal, sí, así de claro.

Diferente

Ángeles Valero

Mediterránea de nacimiento, galega de adopción. Adícase a estudar a alimentación e a súa influencia na nosa saúde.



Que pregunta lle gustaría que lle fixese?

Me gustaría que me preguntase: siendo nutricionista ¿cuál es para mí, la mejor dieta para adelgazar?

E cal sería a resposta?

Ninguna. Soy anti-dietas. Cuando una persona necesita perder peso, tiene que hacerlo de forma consciente e inteligente. Me refiero a tener los conocimientos mínimos sobre los alimentos y su composición y la mejor manera de prepararlos y comerlos. Las dietas restrictivas son ineficaces porque generan sufrimiento y prácticamente todas tienen un efecto rebote que hace que recuperes incluso más peso después de dejarlas. Lo mejor es acudir a un profesional sanitario experto en nutrición para que te asesore.

Unha película?

Hace muy poco volví a ver "Matrix". Me gusta porque es una metáfora de la realidad que da mucho que pensar.

Un actor?

Antonio Banderas

Unha actriz?

Meryl Streep

Unha canción?

"Thinking out loud" de Ed Sheeran

Un libro?

"Cien años de Soledad" de Gabriel García Márquez. Leído más de 15 veces.

Un autor?

Elegir un autor para una lectora compulsiva como yo es muy difícil. Últimamente he leído varios libros de Eva García Sáez de Utrera, pero me quedaría con la trilogía de La Ciudad Blanca.

Un articulista?

Elvira Lindo para El País. También, Rosa Montero.

Un político?

Hoy en día no encuentro ninguno con el que me sienta representada. Si tengo que decir alguno, me decanto por políticos como Adolfo Suárez, que tuvieron que hacer un trabajo extraordinario para sacar adelante este país.

Un tempo?

Tiempo meteorológico: el verano sin dudar.
Cronológico: finales de los ochenta, principios de los noventa. Fue una época muy divertida.

Un taco?

Hay una cosa que digo y es "me cago en todo lo que se menea" cuando estoy un poco agobiada

Que lle molesta?

El egoísmo de la gente, el no tener empatía por los demás.

Alguén despreciable?

Las personas que maltratan a los animales.

GRAN ENTROIDO DO LUGUIÑO

ANÓNIMAS POPULARES



EVENTO DO MES

O **ferrete** é unha forma de chamar ironicamente ás coplas que se recitan diante do Concello, ao finalizar o Enterro da Sardiña.

Están conformadas por estrofas en verso e o contido das mesmas debe ter unha boa carga crítica, sobre todo da actualidade local, provincial ou galega, sempre dentro do respecto e a corrección.

Estas pequenas coplas satíricas constan de varias estrofas e dun retrouso que se irá repetindo entre estrofa e estrofa.

**Gran entroido do Luguíño
éncheme as urnas de votos
para facer o que eu queira
cos veciños e devotos.**

Lariña baila, Lariña goza
mentres o Jesús dos Jesusianos
xestione mesa e mantel
con adictos e achegados.

Elena vecina recente
a por todas sae o campo
Con sol ou con xeada
Ha sair enfariñada.

**Gran entroido do Luguíño
éncheme as urnas de votos
para facer o que eu queira
cos veciños e devotos.**

Rubén teimudo estrelado
ha deixar Lugo sin coches
correndo e a pé imos poñernos finos
con sermóns e faraleiros.

Olga, cidadana da contorna
con siglas cambiadas de cor
a por todas ou a por nada
sae rufa coas chocas ó pescozo.

**Gran entroido do Luguíño
éncheme as urnas de votos
para facer o que eu queira
cos veciños e devotos.**

NAMÓRATE DUN LIBRO

Hai amores e amores. Pero namorarse dun libro é asunto doutra dimensión.


Traemos, neste número de **Chío**, basicamente imaxes dos libros dos que quedamos prendados, alomenos, unha vez na vida. Fotos que son testemuña de frechazos literarios. Obras que, polo motivo que fose, roubaron o noso corazón e pasaron a ser, a partir de entón, o amor da nosa vida.

Quen o viviu, sabe do que falamos.



Fricción
Ana Pérez Cañamares

Carmela, a profe de Bioloxía, que aprendeu fai pouco o moito que lle gusta a poesía, fala desta compilación de poemas de Cañamares, coma dun dos seus libros favoritos. Poesía social e das entrañas.



Las sangres
Audrée Wilhelmy

Unha lectura que non é para todos, pero que **Dani**, investigador na facultade, ten entre as que lle deixaron máis marcado. Baixo a forma de breves diarios, vaise dando forma a experiencia que Féléor Barthélémy Rü, tivo cas mulleres que pasaron pola súa vida. E trátase de narracións crudas e brutais.



Paradero desconocido
Kathrine Kressmann Taylor


Maruxa, do club de lectura considera este libro epistolar coma un dos seus amores. Ao que volve unha e outra vez, grazas a intensidade da historia que conta e máis a brevidade do relato.

Un viejo que leía novelas de amor Luis Sepúlveda



Cando na pandemia, dona **Alicia** soubo que Sepúlveda morrera, volveu ler por terceira vez esta novela que desprende un gran amor polos animais e confirmou que él era un dos seus autores preferidos.

Xa lle pasara algo semellante con "Historia de una gaviota y del gato que le enseñó a volar" (outro título de Sepúlveda), por iso cando lle preguntamos por un libro que a namorara, non dubidou...e fixo esta foto tan bonita.




Músicas negras VV.AA.



Relatos, é o xénero favorito de **Xavier**, o veciño de arriba que sempre escoita a música a todo meter.

Escolleu este libro como un amor inolvidable porque as once historias que se contan nel, reunen todo o que lle gustan libros: música e literatura criminal.

El ponche de los deseos Michael Ende



Para **Claudia**, que está en 2º da ESO é sinxelo escoller un amor literario. Iso dí ela, que lembra con fervor esta obra de Ende, na que os dous personaxes principais: Sarcasmo e Tiranía Vampir prepan un ponche co que pedir desexos "ao revés".

Moito humor e ideas tolas, "das divertidas", conclúe.

XOÁN MONTES

O músico e compositor **Xoán Montes Capón** (Lugo, 1840-1899) está considerado, xunto a Pascual Veiga, un dos maiores xenios da música galega. Nace en Lugo na Rúa Nova e aos 10 anos ingresa no Seminario para comezar os seus estudos eclesiásticos, de humanidades, latín, filosofía e teoloxía. Ao tempo, comeza tamén, estudos de solfeo e guitarra.

Pronto compón os seus primeiros himnos, plegarias e panxoliñas, sendo a obra "Siete palabras de Cristo en la cruz" a peza coa que demostra unha gran madurez compositiva. En 1863 finaliza sus estudos eclesiásticos e a partir de entón, decide centrarse na música.

Xoán Montes deixa un importante legado musical, no que se atopan: as seis "Baladas Galegas", "Negra Sombra", "Doce sono", baseada en textos de Rosalía de Castro, "As lixeiras anduriñas", con letra de Salvador Golpe Varela; "Lonxe da terriña", a "Alborada Galega, ou "Unha noite na eira do trigo" sobre o poema de Curros Enríquez. Foi ademais recoñecido pola súa creación musical relixiosa.

Ademais de ser o primeiro director da banda municipal de Lugo en 1876, foi fundador e director do Orfeón Lucense, que muda de nome polo de Orfeón Gallego en 1887.

Montes buscaba entre os mellores poetas a letra que mellor expresara os sentimentos do pobo para facer con ela unha impresionante composición.



QUEN FOI?

Nos últimos doce anos como compositor, optou por crear obras de gran calidade, para acudir a concursos. Tanto é así que as composicións pasaron a adquirir un significado excepcional dentro da música galega e supuxeron para sempre, un recoñecemento importante do artista lucense, tanto dentro como fóra de Galicia.



Rúa Xoán Montes , en Lugo

Diferente

José Chousa López

Corgués, gandeiro nado o día 4 /10/1961. Casado e con dous fillos varóns



Que pregunta lle gustaría que lle fixese?

¿Por qué hay tanto abandono en lo relativo al sector primario en el rural?

E cal sería a resposta?

La falta de capacidad de los políticos para llevar a cabo esta gestión.

Unha película?

"Operación Marea negra"

Un actor?

Luis Zahera

Unha actriz?

María Castro

Unha canción?

"Toda una vida"

Un libro?

"A Praia dos afogados" de Domingo Villar

Un autor?

Domingo Villar

Un articulista?

Risto Mejide

Un político?

Manuel Fraga

Un tempo?

23 F, en esa fecha estaba haciendo el servicio militar y teníamos órdenes de estar preparados para salir. Fueron días difíciles y de mucha incertidumbre

Un taco?

Moinante

Que lle molesta?

La injusticia.

Alguén despreziable?

Las guerras.



A BOCADOS

MELINA LOPÉZ

"A bocados" é unha compilación gourmet, de carácter cultural, que leva por propósito non declarado oficialmente, desencadear unha concatenación de ideas, arredor do contido da revista.

Na música : Last Carnival.
Springsteen



Adiviña popular 1:
**"Que será que cando chega
cunha ledicia sen par,
a xente tápase a carga
e logoponse a bailar?"**

Adiviña popular 2:
**"Cómese no entroido,
a pesar da cachola,
as orellas e os cachelos
que é?"**

ACLARANDO QUE É XERUNDIO

Chío avanza ao abeiro da asociación cultural e observatorio político, **Lugo Sempre** (www.lugosempre.com)

No referente aos **contidos** deste **Chío**, son poucas as aclaracións pertinentes:

- **Namórate dun libro**, reúne casos reais de lucenses que un día nomoraron dun libro e quixérono compartir con nós, baixo a fórmula do (case) anonimato.
- No **Quen foi?** deste mes, a omisión ao conservatorio de música de Lugo, que tamén leva o nome de Xoán Montes, é expresa; xa que logo a sección adícase en exclusiva ás rúas da cidade.
- **A bocados** leva dúas adiviñas populares. Se non estiveron finos, a resposta da primeira é "o entroido" e a da segunda, "as filloas".

Como é habitual en **Chío**, no referente ás **imaxes**, especificamos que todas son de autoría propia, ou ben cedidas con gusto, polo autor/a ou artista, no caso que proceda.

Tanto é así que as fotos de "**Namórate dun libro**" son, tamén, dos propios lectores/as.

Coordina e dirixe Chío, Melina López.



@lugosempre



[LugoSempre](https://www.facebook.com/LugoSempre)

